

Agrupación de sectores afíns	Sector
Servizos sociais.	Acción e intervención social. Servizo de atención a persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal.
Téxtil, confección e pel.	Curtido. Fabricación do calzado artesán manual e ortopedia e á medida e talleres de reparación e conservación do calzado usado e duplicado de chaves. Industria de calzado. Industrias de formas, tacóns, pisos e solas intermedias. Marroquinaría, repuxados e similares.
Transportes.	Téxtil e da confección. Actividades anexas ao transporte (transitarios e consignatarios). Amarradores. Entrega domiciliaria (10). Estiba e desestiba. Guindastres móbiles autopropulsados. Mariña mercante. Portos do Estado e autoridades portuarias. Remolcadores portuarios Transporte de viaxeiros por estrada (8) (9). Transporte aéreo. Transportes de mercadorías por estrada (8) (9).
Vidro e cerámica.	Fabricación de azulexos, pavimentos e baldosas cerámicas e afíns. Industrias extractivas, industrias do vidro, industrias da cerámica e o comercio exclusivista dos mesmos materiais. Tellas e ladrillos.

NOTA.—Para garantir a formación dos traballadores dos sectores de actividade onde non existe negociación colectiva sectorial, de conformidade co artigo 24 2.b) do RD 395/2007, do 23 de marzo, os citados traballadores poderán participar nos plans sectoriais a que se vinculan segundo as notas que se inclúen a continuación, sen que iso supoña un incremento da poboación ocupada.

(1) Extracción de crus de petróleo e gas natural; actividades dos servizos relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas; coquerías; refinación de petróleo; produción de gas e vapor de auga quente.

(2) Outras entidades financeiras.

(3) Casinos e salas de xogos de azar.

(4) Actividades de servizos auxiliares.

(5) Actividades do servizo doméstico.

(6) Industria do tabaco.

(7) Enerxías renovables.

(8) Transporte por ferrocarril e outros tipos de transporte regular (teleférico, funicular e cremalleira).

(9) Autoestradas de peaxe e outras vías de peaxe.

(10) Actividades postais e de correos.

(11) Parques temáticos.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

5161 *ORDE SCO/719/2008, do 7 de marzo, pola que se modifican os anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 67, do 18-3-2008.)*

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000, e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO/2592/2004, SCO/3664/2004, SCO/544/2005, SCO/3691/2005, SCO/747/2006, SCO/1730/2006, SCO/3283/2006, SCO/504/2007, SCO/1929/2007, SCO/2614/2007 e SCO/3089/2007 modificaron os anexos deste real decreto.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos, foi obxecto de sucesivas modificacións, as últimas mediante as directivas 2007/53/CE da Comisión, do 29 de agosto de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, co fin de adaptar o seu anexo III ao progreso técnico, 2007/54/CE da Comisión, do 29 de agosto de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, co fin de adaptar os seus anexos II e III ao progreso técnico, e 2007/67/CE da Comisión, do 22 de novembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar o seu anexo III ao progreso técnico.

Mediante esta disposición traspóñense as ditas directivas ao ordenamento xurídico interno.

Esta orde dítase de acordo coa disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, pola que se faculta o ministro de Sanidade e Consumo para actualizar os seus anexos ao progreso técnico.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

Os anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, quedan modificados do seguinte modo:

Un. No anexo II engádense os números de referencia seguintes:

- «1244 1-metil-2,4,5-trihidroxibenceno (n.º CAS 1124-09-0) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1245 2,6-dihidroxi-4-metilpiridina (n.º CAS 4664-16-8) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1246 5-hidroxi-1,4-benzodioxano (n.º CAS 10288-36-5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1247 3,4-metilendioxfenol (n.º CAS 533-31-3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1248 3,4-metilendioxfanilina (n.º CAS 14268-66-7) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.

- 1249 Hidroxil-2-piridona (n.º CAS 822-89-9) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1250 3-nitro-4-aminofenoxietanol (n.º CAS 50982-74-6) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1251 2-metoxi-4-nitrofenol (n.º CAS 3251-56-7) (4-nitro-guaiacol) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1252 C.I. Acid Black 131 (n.º CAS 12219-01-1) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo
- 1253 1,3,5-trihidroxibenceno (n.º CAS 108-73-6) (floroglucinol) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1254 Triacetato de benceno 1,2,4 (n.º CAS 613-6-3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1255 1,4-bencenodiamina, 2-nitro-, produtos con clorometiloxirano e 2,2'-iminobis-etanol (n.º CAS 68478-64-8) (n.º CAS 158571-58-5) (HC Blue n.º 5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1256 Un produto complexo de reacción da N-metil-1,4-diaminoantraquinona, a epiclorohidrina e a monoetanolamina (n.º CAS 158571-57-4) (HC Blue n.º 4) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1257 Ácido 4-aminobenzenosulfónico (n.º CAS 121-57-3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1258 Ácido 3,3'-(sulfonilbis(2-nitro-4,1-fenil)imino)bis(6-(fenilamino)-bencenosulfónico e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1259 3(o 5)-((4-(benzilmetilamino)fenil)azo)-1,2-(o 1,4)-dimetil-1H-1,2,4-triazolio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1260 2,2'-[[3-cloro-4-[[2,6-dicloro-4-nitrofenil]azo]fenil]imino]bis-etanol (n.º CAS 23355-64-8) (Disperse Brown 1) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1261 2-[[4-[etil(2-hidroxietil)amino]fenil]azo]-6-metoxi-3-metilbenzotiazolio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1262 2-[[4-cloro-2-nitrofenil]azo]-N-(2-metoxifenil)-3-oxobutiramida (n.º CAS 13515-40-7) (Pigment Yellow 73) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1263 2,2'-[[3,3'-dicloro[1,1'-bifenil]-4,4'-diil]bis(azo)]bis[3-oxo-N-fenilbutiramida] (n.º CAS 6358-85-6) (Pigment Yellow 12) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1264 Ácido 2,2'-(1,2-etenodil)bis[5-(4-etoxifenil)azo]bencenosulfónico e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1265 2,3-dihidro-2,2-dimetil-6-[[4-(fenilazo)-1-naftalenil]azo]-1H-pirimidina (n.º CAS 4197-25-5) (Solvent Black 3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1266 Ácido 3(o 5)-[[4-[(7-amino-1-hidroxi-3-sulfonato-2-naftil)azo]-1-naftil]azo]salicílico e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1267 Ácido 7-(benzoilamino)-4-hidroxi-3-[[4-[(4-sulfofenil)azo]fenil]azo]-2-naftalenosulfónico e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1268 [μ-[[7,7'-iminobis[4-hidroxi-3-[[2-hidroxi-5-(N-metilsulfamoil)fenil]azo]naftaleno-2-sulfonato]](6-)]dicuprato(2-) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1269 Ácido 3-[[4-(acetilamino)fenil]azo]-4-hidroxi-7-[[[5-hidroxi-6-(fenilazo)-7-sulfo-2-naftalenil]amino]carbonil]amino]-2-naftalenosulfónico e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1270 Ácido 7,7-(benzoilamino)-4-hidroxi-3-[[4-[(4-sulfofenil)azo]fenil]azo]-2-naftalenosulfónico (n.º CAS 25188-41-4) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1271 N-[4-[bis[4-(dietilamino)fenil]metileno]-2,5-ciclohexadien-1-ilideno]-N-etiletanaminio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1272 2-[[[4-metoxifenil]metilhidrazono]metil]-1,3,3-trimetil-3H-indolio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1273 2-[2-[[2,4-dimetoxifenil]amino]etenil]-1,3,3-trimetil-3H-indolio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1274 Nigrosina soluble en alcohol (n.º CAS 11099-03-9) (Solvent Black 5), cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1275 3,7-bis(dietilamino)-fenoxazin-5-io (n.º CAS 47367-75-9) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1276 9-(dimetilamino)benzo[a]fenoxazin-7-io e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1277 6-amino-2-(2,4-dimetilfenil)-1H-benzo[de]isoquinolina-1,3(2H)-diona (n.º CAS 2478-20-8) (Solvent Yellow 44) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1278 1-amino-4-[[4-[(dimetilamino)metil]fenil]amino]antraquinona (n.º CAS 12217-43-5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1279 Ácido lacáico (CI Natural Red 25) (n.º CAS 60687-93-6) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1280 Ácido 5-[[2,4-dinitrofenil]amino]-2-(fenilamino)-bencenosulfónico (n.º CAS 15347-52-1) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1281 4-[[4-nitrofenil]azo]anilina (n.º CAS 730-40-5) (Disperse Orange 3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1282 4-nitro-m-fenilendiamina (n.º CAS 5131-58-8) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1283 1-amino-4-(metilamino)-9,10-antraquinona (n.º CAS 1220-94-6) (Disperse Violet 4) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1284 N-metil-3-nitro-p-fenilendiamina (n.º CAS 2973-21-9) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1285 N1-(2-hidroxietil)-4-nitro-o-fenilendiamina (n.º CAS 56932-44-6) (HC Yellow n.º 5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1286 N1-(tris(hidroximetil)metil-4-nitro-1,2-fenilendiamina (n.º CAS 56932-45-7) (HC Yellow n.º 3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1287 2-nitro-N-hidroxietil-p-anisidina (n.º CAS 57524-53-5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1288 N,N'-dimetil-N-hidroxietil-3-nitro-p-fenilendiamina (n.º CAS 10228-03-2) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1289 3-(N-metil-N-(4-metilamino-3-nitrofenil)amino)propano-1,2-diol (n.º CAS 93633-79-5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1290 Ácido 4-etilamino-3-nitrobenzoico (n.º CAS 2788-74-1) (N-etil-3-nitro PABA) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1291 (8-[[4-amino-2-nitrofenil]azo]-7-hidroxi-2-naftil)trimetilamonio e os seus sales, excepto Basic Red 118 (n.º CAS 71134-97-9) como impureza en Basic Brown 17, cando se empregue en tinturas de cabelo.

- 1292 5-((4-(dimetilamino)fenil)azo)-1,4-dimetil-1H-1,2,4-triazolio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1293 4-(fenilazo)-m-fenilendiamina (n.º CAS 495-54-5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1294 4-metil-6-(fenilazo)-1,3-bencenodiamina e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1295 Ácido 2,7-naftalenodisulfónico, 5-(acetilamino)-4-hidroxi-3-((2-metilfenil)azo)-e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1296 4,4'-[[4-metil-1,3-fenileno]bis(azo)]bis(6-metil-1,3-bencenodiamina (n.º CAS 4482-25-1) (Basic Brown 4) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1297 3-((4-((diamino(fenilazo)fenil)azo)-2-metilfenil)azo)-N,N,N-trimetil-benzenaminio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1298 3-((4-((diamino(fenilazo)fenil)azo)-1-naftalenil)azo)-N,N,N-trimetil-benzenaminio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1299 N-[4-[[4-(dietilamino)fenil]fenilmetileno]-2,5-ciclohexadien-1-ilideno]-N-etiletanaminio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1300 1-[[2-hidroxietyl)amino]-4-(metilamino)-9,10-antraquinona (n.º CAS 86722-66-9), os seus derivados e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1301 1,4-diamino-2-metoxi-9,10-antraquinona (n.º CAS 2872-48-2) (Disperse Red 11) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1302 1,4-dihidroxi-5,8-bis((2-hidroxietyl)amino)antraquinona (n.º CAS 3179-90-6) (Disperse Blue 7) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1303 1-((3-aminopropil)amino)-4-(metilamino)antraquinona e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1304 N-(6-((2-cloro-4-hidroxifenil)imino)-4-metoxi-3-oxo-1,4-ciclohexadien-1-il)acetamida (n.º CAS 66612-11-1) (HC Yellow n.º 8) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1305 (6-((3-cloro-4-(metilamino)fenil)imino)-4-metil-3-oxociclohexa-1,4-dien-1-il)urea (n.º CAS 56330-88-2) (HC Red n.º 9) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1306 3,7-bis(dimetilamino)-fenotiazin-5-io e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1307 4,6-bis(2-hidroxietyl)amino)-m-fenilendiamina e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1308 5-amino-2,6-dimetoxi-3-hidroxipiridina (n.º CAS 104333-03-1) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1309 4,4-diaminodifenilamina (n.º CAS 537-65-5) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1310 4-dietilamino-o-toluidina (n.º CAS 148-71-0) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1311 N,N-dietil-p-fenilendiamina (n.º CAS 93-05-0) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1312 N,N-dimetil-p-fenilendiamina (n.º CAS 99-98-9) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1313 Tolueno-3,4-diamina (n.º CAS 496-72-0) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1314 2,4-diamino-5-metilfenoxietanol (n.º CAS 141614-05-3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1315 6-amino-o-cresol (n.º CAS 17672-22-9) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1316 Hidroxietylaminometil-p-aminofenol (n.º CAS 110952-46-0) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1317 2-amino-3-nitrofenol (n.º CAS 603-85-0) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1318 2-cloro-5-nitro-N-hidroxietyl-p-fenilendiamina (n.º CAS 50610-28-1) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1319 2-nitro-p-fenilendiamina (n.º CAS 5307-14-2) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1320 Hidroxietyl-2,6-dinitro-p-anisidina (n.º CAS 122252-11-3) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1321 6-nitro-2,5-piridindiamina (n.º CAS 69825-83-8) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1322 3,7-diamino-2,8-dimetil-5-fenilfenazinio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1323 Ácido 3-hidroxi-4-((2-hidroxietyl)azo)-7-nitronaftalen-1-sulfónico (n.º CAS 16279-54-2) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1324 3-((2-nitro-4-(trifluorometil)fenil)amino)propano-1,2-diol (n.º CAS 104333-00-8) (HC Yellow n.º 6) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1325 2-[[4-cloro-2-nitrofenil)amino]etanol (n.º CAS 59320-13-7) (HC Yellow n.º 12) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1326 3-[[4-[[2-hidroxietyl)metilamino]-2-nitrofenil]amino]-1,2-propanodiol (n.º CAS 173994-75-7) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1327 3-[[4-[[etyl(2-hidroxietyl)amino]-2-nitrofenil]amino]-1,2-propanodiol (n.º CAS 114087-41-1) e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.
- 1328 N-[4-[[4-(dietilamino)fenil][4-(etylamino)-1-naftalenil]metileno]-2,5-ciclohexadien-1-ilideno]-N-etiletanaminio e os seus sales, cando se empregue en tinturas de cabelo.»

Dous. A primeira parte do anexo III modifícase como segue:

a) No número de referencia 8, na columna b, o texto «p-fenilendiamina, os seus derivados N-substituídos e os seus sales; os derivados N-substituídos da o-fenilendiamina(1), excluídos os xa mencionados neste anexo» substitúese polo texto seguinte: «p-fenilendiamina, os seus derivados N-substituídos e os seus sales; os derivados N-substituídos da o-fenilendiamina(1), excluídos os xa mencionados neste anexo e nos números de referencia 1309, 1311 e 1312 do anexo II».

b) No número de referencia 9, na columna b, o texto: «diaminotoluenos, os seus derivados N-substituídos e os seus sales(1) exceptuada a substancia n.º 364 do anexo II» substitúese polo texto seguinte: «metilfenilendiaminas, os seus derivados N-substituídos e os seus sales(1) excepto as substancias dos números de referencia 364, 1310 e 1313 do anexo II».

c) Nos números de referencia 26 a 43, 47 e 56, despois de cada epígrafe da columna f, engádesse o texto seguinte:

«Toda pasta dentífrica que conteña unha cantidade de flúor comprendida entre 0,1-0,15%, excepto se xa está etiquetada como contraindicada para nenos (por exem-

plo, coa indicación «só para adultos»), deberá ir obrigatoriamente provista da etiquetaxe seguinte:

«Nenos de 6 anos ou menores: utilizar unha cantidade do tamaño dun chícharo baixo a supervisión dun adulto co fin de minimizar o risco de inxestión. En caso de recibir unha achega suplementaria de flúor a través doutras fontes, consulte o seu odontólogo ou o seu médico de cabeceira.»

Tres. A segunda parte do anexo III modifícase como segue:

a) Suprímense os números de referencia 1, 2, 8, 13, 15, 30, 41, 43, 45, 46, 51, 52, 53 e 54.

b) Para os números de referencia 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 14, 16, 18, 19, 20, 21, 22, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 44, 47, 48, 49, 50, 55, 56, 57, 58, 59 e 60 na columna g, a data «31.12.2007» substitúese por «31.12.2009».

Disposición transitoria única. *Prohibición de comercialización.*

1. A partir do 18 de xuño de 2008 non poderán ser postos no mercado produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo único, números un, dous.a) e b) e tres.a).

2. A partir do 19 de marzo de 2009 non poderán ser postos no mercado produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo único, número dous.c).

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpóranse ao ordenamento xurídico interno as directivas 2007/53/CE da Comisión, do 29 de agosto de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, co fin de adaptar o seu anexo III ao progreso técnico, 2007/54/CE da Comisión, do 29 de agosto de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, co fin de adaptar os seus anexos II e III ao progreso técnico, e 2007/67/CE da Comisión, do 22 de novembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar o seu anexo III ao progreso técnico.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de marzo de 2008.—O ministro de Sanidade e Consumo, Bernat Soria Escoms.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5270 *ORDE APA/735/2008, do 14 de marzo, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un Programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel.* («BOE» 68, do 19-3-2008.)

No anexo II do Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un Programa nacional de

loita e control das enfermidades das abellas do mel, establécense as especificacións técnicas do tratamento contra a varroose.

Na súa aplicación púxose de manifesto a ineludible necesidade de prever unha programación específica de tratamentos cando se estean efectuando investigacións ou experimentacións nas colmeas, co fin de que non exista unha mutua interferencia entre ambas as situacións.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida no número 2 da disposición derradeira terceira do citado real decreto, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos seus anexos por motivos urxentes de sanidade animal.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo II do Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un Programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel.*

No anexo II do Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un Programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel, engádese un novo número 4 co seguinte contido:

«4. Non obstante o previsto nos números anteriores, cando se estean efectuando nas colmeas experimentacións ou investigacións as autoridades competentes poderán prever outros períodos de tratamento, a suspensión temporal destes ou outro tipo de excepcións en función da modalidade que resulte máis operativa.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de marzo de 2008. A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

5271 *ORDE APA/736/2008, do 14 de marzo, pola que se modifican as datas en que as parcelas das hectáreas admisibles deben permanecer á disposición do agricultor para xustificar dereitos de axuda na solicitude única.* («BOE» 68, do 19-3-2008.)

O artigo 13 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, dispón que as parcelas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar dereitos de axuda deben permanecer á disposición do agricultor desde o 1 de decembro do ano precedente ao 30 de setembro do ano polo que se solicita o pagamento; non obstante, para as parcelas de oliveira o dito período será o comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de decembro.

O Regulamento (CE) n.º 146/2008 do Consello, do 14 de febreiro de 2008, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, e o Regulamento (CE) n.º 1698/2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural